

## **INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA POLA QUE SE ADOPTAN MEDIDAS PARA A FINALIZACIÓN DO CURSO 2019-2020 NAS ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS DE GALICIA**

No punto décimo das Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, recóllense as medidas de carácter xeral relativas ás ensinanzas de idiomas de réxime especial.

Tendo en conta que na Circular 1/2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa se regularon para o curso 2019-2020 as probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial establecidas polo Decreto 81/2018, do 19 de xullo, é preciso modificar diversos aspectos desta circular, polo que procede informar os centros das actuacións que se levarán a cabo neste sentido.

Xa que logo, e coa finalidade de concretar as ditas medidas, dítanse as seguintes

### **INSTRUCCIÓN**

#### **Primeira. Adaptación das programacións nos cursos de certificación**

Segundo o establecido no punto 10.1 das instrucións do 27 de abril de 2020 desta dirección xeral, os departamentos deberán adaptar as programacións didácticas; non obstante, estas adaptación non afectarán aos contidos establecidos nas programacións dos cursos de certificación dos distintos niveis (A2, B1, B2, C1 e C2).

#### **Segunda. Actividades de fin de curso**

1. Quedan sen efecto os calendarios establecidos na Circular 1/2020 para a realización das convocatorias ordinaria e extraordinaria das probas de certificación nos meses de xuño e setembro, respectivamente. A tal fin, os equipos directivos deseñarán un plan de traballo do profesorado para o mes de xuño, que poderá incluír tarefas de atención telemática, asesoramento e orientación para o alumnado dos cursos de certificación, ademais da avaliación de progreso do alumnado oficial, presencial e a distancia, así como a realización das actividades de avaliación extraordinaria dos cursos intensivos do primeiro cuadrimestre.
2. Para a elaboración do dito plan contarase co asesoramento da inspección educativa, á que se lle remitirá unha copia deste.



## Terceira. Avaliación, promoción e certificación

### 1. Procedementos e criterios de avaliación e cualificación dos cursos de promoción

- a) A cualificación outorgada ao alumnado nas distintas actividades de lingua, así como a cualificación global, expresarase nos termos “apto” ou “non apto”, segundo corresponda.
- b) A data límite para a publicación das cualificación deste alumnado será o 26 de xuño.
- c) A recuperación das actividades de lingua non superadas realizarase no mes de setembro.
- d) O alumnado que non estea conforme coa proposta de promoción poderá optar por repetir o curso no que estaba matriculado no 2019-2020. Para isto deberá asinar o documento de renuncia á promoción no prazo de 3 días hábiles dende a publicación da súa cualificación.
- e) Este alumnado non terá que someterse de novo ao proceso de preinscrición, senón que deberá matricularse no prazo que se estableza na correspondente circular de admisión.
- f) Esta renuncia non suporá a devolución das taxas de matrícula aboadas.
- g) Igualmente, tendo en conta o establecido no punto 9 da Circular 3/2019, ao inicio do vindeiro curso, este alumnado poderá ser reasignado de novo ao curso dende o que promocionou.

### 2. Criterios de certificación

- a) Respecto á avaliación dos niveis de certificación terase en conta o establecido no punto 10.7 das instrucións do 27 de abril.
- b) As características das probas de cada un dos niveis (A2, B1, B2, C1 e C2) recóllense na correspondente *Guía informativa e de especificacións das probas de certificación*, que se publicaron como anexos da Circular 1/2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se regulan para o curso 2019-2020 as probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas polo Decreto 81/2018, do 19 de xullo.

### 3. Calendario das probas de certificación

O novo calendario de probas de certificación establecerase para cando as circunstancias sanitarias permitan a súa realización. A convocatoria ordinaria, tanto para o alumnado oficial como para o libre, non se realizará en ningún caso antes do mes de setembro.



#### **Cuarta. Matrícula do alumnado libre**

1. O proceso de matriculación para o alumnado libre, que quedou paralizado tras a declaración do estado de alarma, retomárase cando as circunstancias sanitarias o permitan. A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa trasladaralles ás escolas o novo prazo de matrícula coa antelación suficiente, para que o fagan público a través das súas páxinas web e taboleiros de anuncios.
2. O alumnado xa matriculado poderá renunciar á matrícula, se así o desexa, e solicitar a devolución das taxas aboadas. Esta renuncia poderase formalizar ata quince días antes da data que se estableza para o inicio das probas.

#### **Quinta. Renuncia de matrícula**

1. O alumnado poderá solicitarlle ao centro a renuncia de matrícula no curso 2019-2020 ata o 30 de xuño de 2020.
2. A mencionada renuncia non computará para os efectos de permanencia no curso e nivel correspondente.
3. O alumnado que renuncie á matrícula nestas circunstancias e desexe continuar os seus estudos nas escolas oficiais de idiomas como alumno/a oficial no curso 2020-2021, no mesmo curso e nivel en que estivera matriculado, non deberá someterse de novo ao proceso de preinscrición, senón que deberá matricularse no prazo que se estableza na correspondente circular de admisión.
4. Esta renuncia non suporá a devolución das taxas de matrícula aboadas.

#### **Sexta. Medidas para o alumnado doutros cursos**

##### **1. That's English**

- a) A avaliación do alumnado de That's English que teña pendente algún dos módulos non conducentes a certificación farase a partir dos datos obtidos das actividades desenvolvidas por este ao longo do seu proceso de aprendizaxe.
- b) No caso de que o profesorado non dispoña de datos suficientes para avaliar este alumnado, poderá realizar tamén, ao longo de mes de xuño, probas e actividades telemáticas que lle permitan obter unha cualificación, de acordo co punto 2 da instrución segunda. A recuperación dos módulos non superados realizarase no mes de setembro.
- c) O alumnado dos módulos 4, 8 e 12 realizará as correspondentes probas de certificación nos calendarios que se establezan para a convocatoria ordinaria e extraordinaria, segundo se dispón no punto 3 da instrución terceira.



## **2. Cursos para colectivos profesionais e público en xeral**

- a) O remate da actividade lectiva destes cursos farase de acordo coa duración establecida para cada un deles na correspondente programación didáctica.
- b) Os departamentos didácticos farán os reaxustes precisos nas programacións didácticas, establecendo as modificacións necesarias dos procedementos de avaliación da aprendizaxe e dos criterios de cualificación.

## **3. Celga e LAG**

- a) O remate da actividade lectiva dos cursos preparatorios para a obtención dos certificados Celga e dos cursos de linguaxe administrativa galega respectará o establecido na Resolución do 2 agosto de 2019, pola que se convocan estes cursos.
- b) Aprázase a data establecida nesta resolución para a realización das probas finais dos cursos de linguaxe administrativa galega, tanto presenciais coma en liña, que se impartiron no segundo cuadrimestre. Esta proba realizarase de xeito telemático, coas adaptacións que estableza a Secretaría Xeral de Política Lingüística
- c) A persoa coordinadora dos cursos comunicaralle ao profesorado e ao alumnado destes a nova data de realización da proba final, así como as características da proba e as instrucións para a súa administración e avaliación.

## **Sétima. Matrícula do alumnado dos cursos CALC e Cuale**

Establecerase un novo prazo para a formalización da matrícula do alumnado dos cursos CALC, Cuale e cursos de formación do profesorado de preparación das probas de certificación das EOI que non puidese formalizala no prazo establecido na Circular 1/2020, que quedou suspendido pola declaración do estado de alarma. Este prazo farase público nas páxinas web e taboleiros de anuncios das EOI coa antelación suficiente á realización das probas.

## **Oitava. Preinscrición e matrícula para o curso 2020/21**

Os períodos de preinscrición e matrícula para o vindeiro curso, que serán publicados por esta dirección xeral, adaptaranse ás circunstancias derivadas da situación sanitaria. En todo caso, procurarase facilitar a tramitación da matrícula evitando a presencialidade no centro educativo por medio de procedementos telemáticos.

Santiago de Compostela

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López

